

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

22131 *ORDE APA/3838/2006, do 13 de decembro, pola que se modifica a Orde do 25 de marzo de 1998, pola que se regula a pesca especializada de especies demersais e especies profundas con artes de palangre de fondo en augas doutros Estados membros da Unión Europea. («BOE» 301, do 18-12-2006.)*

A Orde do 25 de marzo de 1998 pola que se regula a pesca especializada de especies demersais e especies profundas con artes de palangre de fondo en augas doutros Estados membros da Unión Europea sentou a base normativa que permitía, respectando as limitacións de esforzo existentes, establecer os buques que podían participar en cada unha das pesqueiras, os períodos de autorización, as artes que se van utilizar, as condicións de desenvolvemento da actividade, ademais da creación dun censo de buques palangreiros menores de 100 toneladas de rexistro bruto autorizados a pescar pescada na zona VIII a, b, d do Consello Internacional de Exploración do Mar.

Por outro lado, os anexos II e III da mencionada orde foron modificados pola Resolución do 12 de decembro de 2005 da Secretaría Xeral de Pesca Marítima, debido ás novas exixencias para a pesqueira de especies profundas a nivel comunitario establecidas polo Regulamento (CE) 2270/2004, do Consello, do 22 de decembro de 2004, que fixa para 2005 e 2006 as posibilidades de pesca dos buques pesqueiros comunitarios para determinadas poboacións de peixes de augas profundas, e polo Regulamento (CE) n.º 2347/2002, do Consello do 16 de decembro de 2002, polo que se establecen as modalidades específicas de acceso e outras condicións aplicables á pesca de poboacións de augas profundas.

O actual Censo de buques palangreiros menores de 100 toneladas de rexistro bruto que pescan na zona VIII a, b e d do Consello Internacional de Exploración do Mar, esta formado por unidades de recente construción, cuxa actividade, rendibilidade e perspectivas de futuro se ven limitadas pola Orde do 25 de marzo de 1998, no número máximo de días de pesca por buque, no número de días de permanencia na zona de pesca e, por último, pola falta dunha adecuada regulación da transmisión de días de pesca entre estes.

A finalidade desta orde é conseguir a máxima racionalización da actividade pesqueira desta frota, mellorar as perspectivas de futuro do seu conxunto e conseguir que esta sexa viable e rendible a longo prazo. Para iso, considerase necesario incrementar o número de días que fixa a Orde do 25 de marzo de 1998, sen que aumente o teito de esforzo do conxunto de buques incluídos no censo, establecer un procedemento de transmisión destes conforme o disposto no artigo 28 da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, así como tamén establecer un límite mínimo e un límite máximo de días que deben manter os buques cuxos días de pesca son obxecto de transmisión, respectando o límite do 20,92% da cota adaptada de pescada que dispoña España na zona VIII a, b e d do Consello Internacional de Exploración do Mar.

Na elaboración desta orde consultáronse as comunidades autónomas e o sector afectado.

Esta orde dítase ao abeiro do artigo 149.1.19 da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de pesca marítima.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. Modificación da Orde do 25 de marzo de 1998 pola que se regula a pesca especializada de especies demersais e especies profundas con artes de palangre de fondo en augas doutros Estados membros da Unión Europea.

A Orde do 25 de marzo de 1998 pola que se regula a pesca especializada de especies demersais e especies profundas con artes de palangre de fondo en augas doutros Estados membros da Unión Europea queda modificada como segue:

Un. Inclúese o seguinte artigo:

«Artigo 4 bis *Condicións para exercer a actividade pesqueira con palangre de fondo na zona VIII a, b e d do Consello Internacional de Exploración do Mar por buques palangreiros de fondo menores de 100 toneladas de rexistro bruto.*

1. Os buques terán dereito de acceso á pesca con palangre de fondo na zona VIII a, b e d do Consello Internacional de Exploración do Mar (CIEM), se figuran incluídos no censo de buques palangreiros de fondo menores de 100 toneladas de rexistro bruto (TRB) creado polo artigo 4 da Orde do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, do 25 de marzo de 1998.

2. No devandito censo figurarán os días de pesca que lle correspondan a cada buque na zona de pesca, cun máximo de 400 días ao ano por buque.

Aqueles buques que teñan asignados menos de 60 días de pesca deberán abandonar a pesqueira.»

Dous. Os números 1 e 2 do artigo 5 quedan redactados do seguinte modo:

«1. O cambio de caladoiro de maneira definitiva dun buque comportará a baixa no censo. Neste caso, a Secretaría Xeral de Pesca Marítima distribuirá os días que teña asignados o dito buque, ata un máximo de 400 días por buque, entre os buques que o soliciten e de acordo co procedemento establecido no artigo 8 ter e quarter. No suposto de que aínda existise sobranse de esforzo medido en días de pesca e non existise acordo entre os titulares a que fai referencia o artigo 8 quarter, para a distribución do dito sobranse, este repartirase, a partes iguais, entre os buques pertencentes á mesma asociación, e de seguir existindo sobranse, repartirase de igual forma entre o resto dos buques do censo, sen superar en ningún caso o límite máximo de 400 días por buque.

2. Os cambios temporais de modalidade ou caladoiro deberán ser autorizados en cada caso pola Dirección Xeral de Recursos Pesqueiros, da Secretaría Xeral de Pesca Marítima, do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, tendo en conta a situación do caladoiro e as posibilidades de pesca dispoñibles en cada caso.»

Tres. Os números 1, 2 e 3 do artigo 6 quedan redactados do seguinte modo:

«1. Cando un buque incluído neste censo sexa dado de baixa definitiva no Censo de Frota Operativa causará baixa no Censo de buques palangreiros menores de 100 TRB, aplicándose o previsto no artigo 5.1 para a distribución de días de pesca.

2. O titular dun buque poderá solicitarlle á Dirección Xeral de Recursos Pesqueiros a substitución deste por outro, tamén da súa propiedade, sempre que a dita substitución non supoña un incremento do esforzo pesqueiro global. O novo buque disporá dos mesmos días de pesca que tivese atribuídos o buque ou os buques substituídos.

3. No caso de que o buque substituído fose obxecto de afundimento ou sinistro, o seu armador dispón dun ano contado desde a data do suceso para solicitar a substitución por outro buque, sempre que non se incremente a capacidade pesqueira global. Se transcorrido, pola súa vez, un ano a partir da resolución da Dirección Xeral de Recursos Pesqueiros pola que se autoriza a substitución non se incorporase o buque substituído ao censo, perderá o dereito a figurar nel, salvo causa de forza maior debidamente acreditada. En caso de perda do dereito a figurar no censo procederá en relación cos días do buque en cuestión, segundo o disposto no artigo 5.1.»

Catro. O artigo 7 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 7. *Condicións para o exercicio da actividade pesqueira con artes de palangre de fondo dirixida á pescada.*

As condicións en que se pode exercer a pesqueira de palangre de fondo dirixida á pescada serán as seguintes:

a) Débese dirixir a actividade á pescada, non podendo facelo a outras especies sometidas ao total anual de capturas (TAC) e cotas.

b) A cota dispoñible de pescada para os palangreiros menores de 100 TRB será o 20,92% da cantidade resultante de deducir da cota adaptada que dispoña España na zona VIII a, b e d en función do establecido no artigo 1.2 do Regulamento (CE) 847/96, do Consello, a cantidade de 60 toneladas reservadas aos buques palangreiros menores de 50 TRB con artes de pincho cana na dita zona.

A Secretaría xeral de Pesca Marítima poderá modificar estas cantidades no caso de que se produzan variacións sensibles na cota adaptada de España nesa zona.

As toneladas resultantes poderán ser distribuídas pola Secretaría Xeral de Pesca Marítima entre os buques incluídos no censo en razón do número de días de actividade que dispoñan.

c) O tempo máximo de permanencia ao ano dos buques na zona de pesca non poderá superar o número total de días que dispoñan.

d) A área de pesca autorizada é a área CIEM VIII a, b, d en augas xurisdicionais doutros Estados membros da Unión Europea, por fóra das 12 millas contadas desde as liñas de base.»

Cinco. O artigo 8 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 8. *Cesión temporal de días de pesca.*

O armador dun buque incluído no censo poderá temporalmente cederlle os días de pesca de que dispón a outro buque incluído no censo, logo de comunicación con polo menos cinco días de antelación á Dirección Xeral de Recursos Pesqueiros, debendo indicar o nome do buque cedente e do buque receptor, así como o número de días que cede e o período.»

Seis. Inclúese o seguinte artigo:

«Artigo 8 bis *Transmisión de días de pesca.*

1. Poderanse transmitir os días de pesca recoñecidos nas pesqueiras da zona VIII a, b e d do CIEM, unicamente entre os buques que figuren no Censo de buques palangreiros de fondo menores de 100 TRB da área VIII a, b e d do CIEM.

2. A transmisión deberase efectuar por días completos.

3. Cada empresa participa nas pesqueiras da zona VIII a, b e d do CIEM, cos días de pesca equivalentes á suma dos días de pesca dos buques da súa propiedade.»

Sete. Inclúese o seguinte artigo:

«Artigo 8 ter. *Condicións para a transmisión de días de pesca.*

1. A transmisión de días de pesca poderase efectuar entre buques pertencentes á mesma ou a distintas empresas armadoras e poderá ser unha transmisión total ou parcial, a un ou máis buques.

2. A devandita transmisión de días de pesca deberá cumprir os seguintes requisitos:

a) O buque cuxos dereitos se vaian transmitir parcialmente deberá dispor, unha vez realizada a transmisión, de polo menos 60 días de actividade pesqueira.

b) O buque receptor non poderá superar, en ningún caso, coa transmisión de dereitos os 400 días de actividade.

c) Os días de pesca acumulados por unha empresa ou grupos de empresas relacionadas societariamente non poderán superar o 30% desta pesqueira.

Para a determinación do concepto de grupos de empresas relacionadas societariamente haberá que aterse ao disposto na lexislación mercantil aplicable.»

Oito. Engádesse o seguinte artigo:

«Artigo 8 quarter. *Autorización de transmisión de días de pesca.*

1. As solicitudes de autorización de transmisión de días de pesca dirixiranse ao director xeral de Recursos Pesqueiros do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e presentaranse no rexistro da Secretaría Xeral de Pesca Marítima ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. As devanditas solicitudes cubriranse segundo o modelo que figura no anexo e deberán ir acompañadas do acordo dos titulares dos buques afectados, ou os seus representantes, relativo á transmisión, que deberá constar en documento notarial e deberá reflectir polo menos os seguintes datos:

a) Nome e enderezo dos titulares dos buques afectados pola transmisión.

b) O nome, matrícula e folio do buque cuxos días de pesca se transmiten e do buque ou buques receptores.

c) Os días de pesca na zona VIII a, b e d que se transmiten.

3. Será preceptivo informe da comunidade autónoma do porto base do buque para realizar a transmisión.

4. Non obstante o indicado nos números 1 e 2, o director xeral de Recursos Pesqueiros poderalles conceder unha autorización provisional de transmisión de posibilidades de pesca ás solicitudes presentadas e que non vaian acompañadas dos requisitos mencionados no número 2. Para que estas autorizacións adquiren carácter definitivo, o solicitante deberá presentar os requisitos previstos no número 2 nun prazo de 10 días, prorrogable a 15 días segundo o especificado no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.»

Nove. Engádesse o artigo seguinte:

«Artigo 8 quinquies. *Comunicación de transmisión de días de pesca.*

A comunicación da transmisión de días de pesca entre buques da mesma empresa armadora efectuarase por escrito cunha antelación de, polo menos, quince días hábiles á realización da transmisión; deberase presentar no rexistro xeral da Secretaría Xeral de Pesca Marítima ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, acompañada de docu-

mento notarial, e deberá reflectir os datos necesarios que acompañan a solicitude de autorización.»

Dez. Engádese o artigo seguinte:

«Artigo 8 sexties. *Resolución de autorización de transmisión.*

1. O director xeral de Recursos Pesqueiros do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación resolverá o procedemento de autorización.

2. Transcorridos tres meses desde a presentación da solicitude sen que se notificase a resolución expresa, poderase entender estimada.

3. A resolución seralles notificada aos interesados nos termos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

4. A resolución non lle porá fin á vía administrativa e poderá interpoñerse contra ela recurso de alzada ante o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación de acordo co artigo 114 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e a disposición adicional 15.^a da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.»

Disposición derradeira. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 13 de decembro de 2006.—A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, Elena Espinosa Mangana

ANEXO**Modelo de solicitude e comunicación da transmisión de días de pesca**

- I. A) Datos persoais e domicilio do solicitante que cede e datos do buque do cal se transmiten días de pesca

Nome e apelidos		NIF		
Domicilio				
Rúa/praza/número	Localidade	Provincia	Código postal	Teléfono / fax
Buque	Matrícula e folio	Días de pesca que transmite		

- B) Datos persoais e domicilio do solicitante receptor e datos do buque que recibe días de pesca.¹

Nome e apelidos		NIF		
Domicilio				
Rúa/praza/número	Localidade	Provincia	Código postal	Teléfono / Fax
Buque	Matrícula e folio	Días de pesca que recibe		

- II. Solicitude.

Os abaixo asinantes solicitan que se autorice a transferencia de días de pesca indicada no número I, e declaran que son certos os datos consignados neste, aceptando as condicións establecidas na Orde APA/....., comprometéndose a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude.

En o de de
 (Sinatura do que cede) (Sinatura do receptor)

Director xeral de Recursos Pesqueiros
 R/ José Ortega y Gasset, 57
 28071-Madrid

¹ Cubriranse tantas epígrafes como sexan necesarias en caso de transmisión de días de pesca a máis dun buque.